



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE PROFESORADO

PROPOSTA DE RPT

Aprobada en Consello de Goberno de 14 de decembro de 2006

Actualmente a UDC ten un cadro de persoal baseado no POD que se elabora anualmente, no que se contabiliza a docencia en 1º e 2º ciclo e reducións por docencia en 3º ciclo e por cargos de xestión académica. Existen normas para a elaboración do POD, e nos últimos anos implantáronse planos concretos que afectan ao cadro de persoal e que foron consensuados na Mesa Sindical e aprobados no Consello de Goberno, como a creación de prazas en aplicación da Transitoria 3ª dos Estatutos e a súa interpretación para a creación de prazas de funcionarios ou de colaboradores, a dotación de prazas de axudantes vinculadas a necesidades docentes e a calidade investigadora, o programa de promoción do personal investigador habilitado, as medidas incentivadoras da xubilación voluntaria e o Convenio Colectivo do PDI laboral.

O obxectivo é elaborar un cadro de persoal adaptado ao EEES e no que se inclúan as actividades investigadoras, de extensión e xestión académica.

Respecto ao EEES a UDC xa implantou os primeiros títulos de posgrao e nun prazo relativamente curto comezará a implantación de títulos de grao e a extinción dos títulos actuais. Para a primavera próxima anúnciase a reforma da LOU e a elaboración dos decretos que a desenvolverán, entre eles o Decreto de Profesorado que establecerá, entre outras as obrigas docentes e investigadoras do profesorado universitario.

Para abordar este obxectivo propomos unha serie de etapas:

- A primeira etapa debe permitir visualizar a fotografía actual da relación de postos de traballo correspondente a todo o PDI en activo, que incluíría unha numeración de todas as prazas de funcionario e contratados laborais indefinidos, así como os contratos laborais temporais e as prazas pendentes de regularización con denominación da LRU, así como as normas para a súa modificación.
- Nunha segunda etapa abordaríanse as medidas necesarias para permitir incluír a docencia dos masters oficiais e a implantación progresiva do recoñecemento da actividade investigadora en base aos criterios determinados e a correspondente dotación de prazas.
- A terceira etapa incluíría a avaliación das necesidades de profesorado para a adaptación á nova estrutura dos estudos en graos, posgraos e doutoramento e a revisión dos criterios de distribución dos grupos de docencia teórica e práctica para adaptalos ao EEES.

Para esta primeira etapa propónse aprobar no Consello de Goberno de 14 de decembro, unha relación de postos de traballo do PDI, en adiante RPT, para cumprir o precepto da LOU que establece que cada universidade pública establecerá anualmente no estado de gastos do seu orzamento a relación de postos de traballo do seu profesorado, incluíndo o PDI contratado, coa consideración de que este non poderán superar o 49% do total. As universidades, conclúe o precepto poderán modificar as relacións de postos de traballo do seu profesorado por ampliación das prazas existentes ou por minoración ou cambio de denominación das prazas vacantes. Este labor realizase anualmente mediante a elaboración, revisión e informe do POD.

Para cada posto de traballo infórmase dos seguintes campos:

- Departamento e área de coñecemento: contén a denominación do departamento e área de coñecemento ao que está adscrito o posto de traballo.
- Código: clave numérica única asignada a cada posto de traballo existente na Universidade (Departamento. Area. Categoría. Número)
- Denominación do posto: corpo docente universitario ou categoría de persoal contratado ao que se adscribe o posto.
- Dedicación do posto de traballo: C completa, P parcial, de 6, 5, 4 ou 3 horas semanais.
- Réxime Xurídico: indica se o posto é de funcionario (F), laboral fixo (LF), laboral temporal (LT), contratado administrativo (CA) .

Os postos que forman parte da RPT son:

1. Os postos dotados de funcionarios correspondentes aos corpos docentes universitarios aos que se refire o artigo 56.1 da LOU.
2. Os postos dotados de persoal docente contratado en réxime laboral de acordo ás categorías previstas nos artigos 49, 50, 51, 52 e 53 da LOU.
3. Os postos de profesor asociado de Ciencias da Saúde dotados e aprobados pola Comisión mixta Sergas-UDC.
4. Os postos creados baixo o marco de regulacións ou acordos anteriores á entrada en vigor da LOU e que permanecen de forma transitoria na actualidade:
 - a. Os postos de funcionario do corpo de Mestres de Taller de acordo co disposto na disposición transitoria 6ª da LOU.
 - b. Os postos dotados e cubertos mediante contrato administrativo de axudante de universidade e de profesores asociados vixentes á entrada en vigor da LOU.
 - c. Os postos dotados e cubertos por Profesores Numerarios de Náutica, de acordo co establecido coa transitoria 7ª da LOU.
 - d. Os postos de funcionarios ocupados por **profesores do INEF de Galicia**

O cadro de persoal está formado por todo o persoal docente e investigador en activo, orzado para o ano en curso. Os postos da RPT vacantes non forman

parte do cadro de persoal, mentres que hai algúns postos do cadro de persoal que non figuran na RPT, concretamente aqueles que se xeneren polo procedemento de urxencia, ou non, para cubrir unha necesidade sobrevida concreta non consolidada.

Ademáis é necesario aprobar os criterios para a elaboración e modificación desta relación de postos de traballo:

Criterios:

- As necesidades dos programas de estudo, nos seus distintos ciclos.
- As esixencias de persoal que se deriven da ampliación do número de centros e de titulacións.
- A progresiva normalización e o respecto dos dereitos lingüísticos.

Aprobación :

- A aprobación da RPT corresponderá ao Consello de Goberno, logo de negociación cos organos de representación do PDI .
- A RPT será válida trala súa aprobación polo Consello de Goberno, sen prexuízo da súa divulgación na UDC e no DOG.

Modificación:

- As prazas incluídas no POD poderán ser obxecto de ampliación, minoración e cambio de denominación ou dedicación.
- Corresponde aos Consellos de Departamento a formulación das demandas de profesorado, así como informar preceptivamente sobre a procedencia do mantemento, minoración, cambio de denominación ou dedicación dunha praza.
- Corresponde ao Consello de Goberno, por proposta da COAP, previa negociación cos representantes dos traballadores, determinar a creación, supresión e modificación das prazas do PDI.
- O Consello de Goberno informará das modificacións da RPT ao Consello Social con ocasión da aprobación do orzamento.
- En aplicación do concerto entre a UDC e o Sergas corresponde á Comisión Mixta adoptar os acordos sobre proposta de vinculación de prazas nas áreas de Ciencias da Saúde e a creación de prazas de profesorado asociado de ciencias da saúde.

As prazas aprobadas en base a programas de promoción e estabilización do profesorado de cada curso académico serán recoñecidas como postos na RPT no momento en que se aproben, indicándose nas observacións a condición de amortización posterior do posto que corresponda.

Cando a creación dun posto supoña a supresión dun posto xa existente, indicarse a dita circunstancia e a que posto ou postos afecta.

Respecto á segunda etapa , para o curso 2007/2008 fanse as seguintes propostas a incluír nas normas para a elaboración do POD:

- Os novos títulos dos POP poderán facer contratacións de profesorado asociado a tempo parcial (T3P3) ata un límite do 20% da docencia do master, fundamentalmente nos masters profesionalizantes. Os contratos serán renovados anualmente dado o carácter temporal dos másters oficiais. Só cando un master reciba a acreditación en dúas ocasións consecutivas e a Comisión de Posgrao o considere permanente poderá xerar prazas estables da RPT.
- Para o cálculo da actividade investigadora utilizaranse como criterios a adicación do profesorado a realización de proxectos de investigación, cando esta sexa superior a 1/3 da xornada de traballo, e o número de sexenios de cada área por profesor funcionario en relación co mesmo dato por área a nivel estatal. Cando a actividade investigadora sexa extraordinaria en dedicación (superior a 1/3 da dedicación esixida polo RD de profesorado) ou en mérito (recoñecido nos sexenios) poderá dar lugar á redución da disponibilidad docente.(1)

A terceira etapa comezará a abordarse cando se aprobe a normativa estatal correspondente á estrutura dos estudos de grao, o decreto de profesorado e o financiamento autonómico que permita contemplar a actividade investigadora e a implantación dos estudos de grao de 240 créditos.

(1) Actualmente o Decreto de Profesorado establece un máximo de 360 horas/ano de docencia para o TEU e 240 horas/ano para o TU; sobre esta situación a UDC aprobou un máximo de 270 horas e 220 respectivamente para que os TEU podan realizar a tese de doutoramento, e exista unha folgura do 10% no resto do profesorado para poder atender as situacións como baixas, permisos ou anos sabáticos. Sobre esta situación compre analizar o cómputo do esforzo docente e investigador dentro da xornada laboral. O cómputo anual de horas de traballo é aproximadamente de 1600 horas das que unha posible distribución serían de 750 horas dedicadas á docencia, 750 horas á investigación e 100 a xestión e extensión universitaria. Isto implica que calquer redución que se contemple das horas de docencia anuais corresponde aproximadamente a 3,5 veces a redución en número de horas da xornada laboral.